

MICRORRELATOS NA REDE EN CONTRA DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Obxectivo: visibilizar os distintos tipos de violencia de xénero e as súas orixes, empoderar ás mulleres, reflexionar sobre as ferramentas e servizos de loita contra a violencia de xénero.

Bases:

- 1) Cada microrrelato terá como temática a violencia de xénero, será inédito, con unha extensión máxima de 100 palabras sen contar o título nin a primeira frase de arranque, que para este certame será: "*Naceu muller nunha aldea*".
- 2) Non existen límites mínimos de idade nin restricións de nacionalidade. Poderán participar todas as persoas que estean interesadas sempre que os microrrelatos estean escritos en lingua galega.
- 3) Cada concursante poderá participar cun único microrrelato.

- 4) Para participar, débense enviar os microrrelatos ao correo electrónico: microrrelatosvgvimianzo@gmail.com

O correo electrónico desde o que se remita servirá para contactar desde a organización.

- 5) O prazo máximo de entrega será o **20/11/2020**. O fallo do concurso publicárase a partir do 25/11/2020.
- 6) Recoñécense os seguintes premios:

- Primeiro premio: estancia dunha noite para dúas persoas nun establecemento de Vimianzo
- Segundo premio: cea ou xantar para dúas persoas nun establecemento de Vimianzo
- Terceiro premio: bolsa de produtos adquiridos no comercio de Vimianzo

Entregarase un diploma a cada gañador/a e publicárase o seu microrrelato na web do Concello de Vimianzo.

- 7) O xurado estará formado por catro persoas:

- Dúas persoas especializadas en escritura creativa
- Unha persoa especializada en temas de igualdade de xénero
- Unha persoa especializada na realidade sociocultural de Vimianzo